

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2021/14	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de abril de 2021
Duración	Dende as 12:15 ata as 12:55 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
NON ASISTE (Sin excusa)		
76816828W	Mónica González Conde	NON

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 22.04.2021

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concello de Silleda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 22 de abril de 2021.

Expediente 1477/2020. Contratacións

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial, Ricardo González Santos, en xaneiro de 2020, denominado: "PROYECTO RED DE CALOR "DISTRICT HEATING" CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA). FASE II", por importe de 148.340,52 euros máis 31. 151,51 euros de IVE.

Visto que esta actuación está subvencionada polo Instituto para a Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), por medio de Resolución pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda o Concello de Silleda, formulada no contexto do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezcan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE nº 144 de data 17 de xuño de 2017) modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (BOE nº 314, de 29 de decembro de 2018) e o Real Decreto 316/2019, de 26 de abril (BOE nº 130 de 30 de abril de 2019), expediente número FEDER-EELL-2019-003527. proxecto "Red de Calor District Heating con Biomasa en Silleda (Pontevedra Fase II", cunha inversión total de 195.706,65 €, e unha concesión de axuda por importe máximo de 156.565,32 €.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión celebrada en data 18/03/2021, adjudicouse a VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U., con CIF A-15.208.408 o contrato de obras denominado "PROYECTO RED DE CALOR "DISTRICT HEATING" CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA). FASE II" por importe de 124.889,31 Euros, ao que corresponde por IVE a contía de 26.226,75 euros.

Comprometéndose a executar as melloras recollidas no prego de cláusulas administrativas, relativas:

Mellora 1) Medioambiental.

Mellora 2) Eficiencia enerxética subestacións.

Mellora 3) Válvula corte entrada subestación.

Visto que no mesmo acordo adjudicouse a dirección de obra e a coordinación en materia de seguridade e saúde da obra a D. Román Gómez Fraiz.

Visto o plan de seguridade e saúde presentado no Rexistro do concello e informado favorablemente polo director de obra e coordinador de seguridade e saúde en data 22/04/2021.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

Primeiro. Aprobar o PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE: SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL da obra “PROYECTO RED DE CALOR “DISTRICT HEATING” CON BIOMASA EN SILLEDA (PONTEVEDRA). FASE II”, co informe favorable do coordinador de seguridade e saúde.

Segundo.- Notificar esta Resolución á empresa adxudicataria, recordándolle a obrigatoriedade de poñer na obra o plan a disposición das persoas interesadas mencionadas no artigo 7.4 do RD 1627/1997. Así como ao Director da Obra.

Expediente 721/2021. Prestacións Económicas de Servizos Sociais

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 23 de abril de 2021 por Dona I.M., de concesión de unha axuda de emerxencia social por importe de 175.00 € para o pago de equipamento e cota da Escola de Fútbol de Silleda para o seu fillo, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte o pago dunha actividade de apoio á infancia, cuxa participación vai favorecer a integración social do menor na comunidade.

Visto que segundo informa a traballadora social Lucía Rosales Otero, en data 23 de abril de 2021, a interesada reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, e visto que o expediente non foi sometido a fiscalización pola Intervención, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, acordou deixar sobre a mesa o presente asunto.

Primeiro.- Conceder a I.M. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos polivalentes, para o pago de equipamento e cota da Escola de Fútbol de Silleda para o seu fillo.

Segundo.- Comunicar é persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe das prestacións para as finalidades que foron outorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 719/2021. Prestacións Económicas de Servizos Sociais

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 23 de abril de 2021 por Dona I.M., de concesión de

unha axuda de emerxencia social por importe de 105.00 € para o pago de equipamento e cota da Escola de Fútbol de Silleda para a súa filla, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte o pago dunha actividade de apoio á infancia, cuxa participación vai favorecer a integración social da menor na comunidade.

Visto que segundo informa a traballadora social Lucía Rosales Otero, en data 23 de abril de 2021, a interesada reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, e visto que o expediente non foi sometido a fiscalización pola Intervención, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, acordou deixar sobre a mesa o presente asunto

Primeiro.- Conceder a I.M. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos polivalentes, para o pago de equipamento e cota da Escola de Fútbol de Silleda para a súa filla.

Segundo.- Comunicar é persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe das prestacións para as finalidades que foron outorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1197/2020. Contratacións

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1197/2020

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 29 de abril de 2021.

Expte.- 1197/2020. Aprobación "MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDA. PLANCONCELLOS 2020-2021".

Concello de Silleda

Visto o proxecto redactado polo Enxeñeiro, Román Gómez Fraiz, en maio de 2020, denominado: "MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDA", por importe de 250.000,00 euros (206.611,57 euros máis 43.388,43 euros de IVE). Aprobado por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 22 de decembro de 2020.

Consta o expediente acta de replánteo asinada o día 15/12/2020.

Visto que polo técnico redactor, preséntase un novo proxecto que modifica o anterior por advertirse un erro que facía inviable a súa execución coa valoración establecida.

Vista a necesidade de iniciar un novo procedemento de contratación desta obra descrita no proxecto de execución previo desistimento do anterior por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 19/01/2021.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 21/01/2021 na que se indica que se proceda a iniciar o procedemento de contratación.

Visto que esta actuación está subvencionada pola Deputación Provincial de Pontevedra no PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2020 (líña 1)).

Constando no expediente informe de secretaría nº 006/2021 de 21 de xaneiro.

Visto o prego de cláusulas administrativas asinado polo Sr. Alcalde-Presidente en data 26/01/2021.

Visto o informe nº 008/2021, de 26 de xaneiro, de fiscalización do expediente de contratación e dos pregos de cláusulas administrativas da Secretaría da Corporación.

Visto o informe de fiscalización da Intervención da Corporación ao procedemento de contratación de data 26 de xaneiro de 2021.

Aprobado o proxecto modificado, o expediente completo e a apertura do procedemento de licitación por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 26/01/2021.

Visto que no prazo establecido presentáronse as seguintes proposicións que foron aceptadas pola mesa de contratación en sesión celebrada o 25/02/2021:

- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. con C.I.F. N° B-36.052.876
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L., con CIF N.º B- 15.009.533
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., con CIF N° B-35.533.537
- NARÓM, S.L., con CIF N.º B-36.163.418
- OBRAS Y SANEAMIENTO GALICIA S.L., con CIF N.º B-32.211.716

Vista a acta da Mesa de contratación celebrada o 02 de marzo de 2021, correspondente a apertura da documentación contida no sobre B, acordando remitir a mesma o Enxeñeiro de

Camiños C e P., redactor do proxecto, Román Gómez Fraiz, a fin de que sexa emitido informe coa valoración correspondente.

Vista a acta da Mesa de contratación celebrada o 08 de abril de 2021, na que se da conta do informe de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor, emitido polo Enxeñeiro de Camiños C e P., redactor do proxecto, Román Gómez Fraiz , co seguinte resultado:

OFERTA	PUNTOS CONSEGUIDOS
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.	30,00
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	30,50
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	38,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	24,00
NAROM, S.L.	19,00

Pola Mesa de Contratación, en sesión data 12/04/2021, procédese á valoración da proposición económica contida no sobre C así como a documentación cuantificable de forma automática co seguinte resultado:

- FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.	
Proposición económica.- 179.735,54.- €	19,51 Ptos.
Mellora n.º 1.- Betún asfáltico B 50/70: 12,65 Tn	4,00 Ptos
Mellora n.º 2.- Mezcla Bituminosa quente tipo AC16 surf 50/70 D: 556 Tn	19,00 Ptos
Mellora n.º 3.- Sinalización vertical	2,00 Ptos
- OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	
Proposición económica.- 171.033,06.- €	25,83 Ptos.
Mellora n.º 1.- Betún asfáltico B 50/70: 12,65 Tn	4,00 Ptos
Mellora n.º 2.- Mezcla Bituminosa quente tipo AC16 surf 50/70 D: 556 Tn	0,00 Ptos
Mellora n.º 3.- Sinalización vertical	2,00 Ptos
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	
Proposición económica.- 181.115,70.- €	18,51 Ptos.
Mellora n.º 1.- Betún asfáltico B 50/70: 12,65 Tn	4,00 Ptos
Mellora n.º 2.- Mezcla Bituminosa quente tipo AC16 surf 50/70 D: 556 Tn	19,00 Ptos
Mellora n.º 3.- Sinalización vertical	2,00 Ptos
- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	
Proposición económica.- 180.061,98.- €	19,28 Ptos.
Mellora n.º 1.- Betún asfáltico B 50/70: 12,65 Tn	4,00 Ptos
Mellora n.º 2.- Mezcla Bituminosa quente tipo AC16 surf 50/70 D: 556 Tn	19,00 Ptos

Mellora n.º 3.- Sinalización vertical	2,00 Ptos
- NAROM, S.L.	
Proposición económica.- 166.363,64.- €	29,22 Ptos.
Mellora n.º 1.- Betún asfáltico B 50/70: 12,65 Tn	4,00 Ptos
Mellora n.º 2.- Mezcla Bituminosa quente tipo AC16 surf 50/70 D: 556 Tn	19,00 Ptos
Mellora n.º 3.- Sinalización vertical	2,00 Ptos

Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

EMPRESA	Valoración Sobre B	Valoración Sobre C		TOTAL
		Prezo ofertado	Melloras	
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.	30,00	19,51	25	74,51
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	30,50	25,83	6	62,33
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	38,00	18,51	25	81,51
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	24,00	19,28	25	68,28
NAROM, S.L.	19,00	29,22	25	73,22

Obtendo a mellor oferta unha puntuación total de 81,51 puntos, a mesa de contratación de conformidade co establecido no artigo 157 da LCSP, propón ao Órgano de Contratación como adxudicataria do contrato de obra denominado "MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN SILLEDA (PLAN CONCELLOS 2020-2021)", á empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Aceptada a proposta formulada pola mesa de contratación pola Xunta de Goberno Local como órgano de contratación no presente procedemento, realízase polos servizos do Concello o preceptivo requirimento de documentación, cumprimentado pola empresa proposta en data 22/04/2021 con número de rexistro de entrada 370, e completado en data 23/04/2021, pola Mesa de Contratación en data 12 marzo préstase a súa conformidade á mesma.

Consta no expediente anticipadamente o plan de seguridade e saúde da obra e o informe do técnico que pasará a designarse director facultativo e coordinador en materia de seguridade e saúde.

Visto o informe de fiscalización 026/2021 emitido polo Interventor Municipal, en data 28 de abril.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Adjudicar a CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., con CIF B-36.052.876 o contrato de obras denominado “MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS EN SILLEDADA (PLAN CONCELLOS 2020-2021)” por importe de 181.115,70 euros, ao que corresponde por IVE a contía de 38.034,30 euros,(total: 219.150,00 Euros), ao sela empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa, como constan nos antecedentes deste acordo.

Comprometéndose a executar as melloras recollidas no prego de cláusulas administrativas, relativas:

1. MELLORA NÚMERO 1:

O incremento en 12,65 Tn de betún asfáltico B 50/70 respecto ao total da mezcla bituminosa en quente.

2. MELLORA NÚMERO 2:

O incremento en 556 Tn da mezcla bituminosa en quente tipo AC 16 surf 50/70 D con dotación mínima da masa de ligante respecto ao total da mezcla do 4,5% e relación ponderal filler-betún de 1,20 en regularización de vías

3.-MELLORA NÚMERO 3. SINALIZACIÓN VERTICAL

Segundo.- Dispor o gasto por importe de 219.150,00 Euros con cargo á aplicación 151 / 619 / 01 do Orzamento municipal para o exercicio de 2021.

Terceiro.- Notificar a CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. adjudicataria do contrato, a presente Resolución, indicándolle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días. Así mesmo, a presente resolución notificarase a tódolos interesados.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Quinto.- O prazo máximo de execución desta obra é de 3 meses segundo o establecido no punto 7 do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares, a contar dende o día da firma da acta de comprobación do replánteo, non sendo susceptible de prórroga, sempre que estea aprobado o plan de seguridade e saúde, e se a Administración autoriza o inicio da obra.

A firma da acta de comprobación do replánteo non poderá ser superior a un mes dende a data da formalización deste contrato.

Sexto.- En aplicación do estudo básico de seguridade e saúde, que forma parte do proxecto, o contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra.

Ao tratarse dunha obra contratada polo Concello, o plan, co correspondente informe do

coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra (neste caso ao non ser necesaria a designación do coordinador, as funcións que se lle atribúen a este serán asumidas pola dirección da obra), elevarase para a súa aprobación ao órgano de contratación.

En todo caso, respecto do plan de seguridade e saúde nas obras de construción estarase ao disposto sobre este no RD. 1627/1997, do 24 de outubro.

Sétimo.- A comunicación da apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente deberá ser previa ao comezo dos traballos e presentarse unicamente polo contratista.

A comunicación de apertura incluírá o plan de seguridade e saúde ao que se refire o artigo 7 do RD 1627/1997.

Oitavo.- O contratista terá a obrigaón de poñer, dende o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación material por parte da Deputación, un cartel informativo que indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial de conformidade coas BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2020.

“No caso de obras en infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, colocarse ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal”.

Noveno.- Nomear Director da Obra e Coordinador en materia de Seguridade e Saúde, a Román Gómez Fraiz, -Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos-.

Décimo.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra “MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS EN SILLEDA (PLAN CONCELLOS 2020-2021)”, co informe favorable do coordinador de seguridade e saúde, recordándolle á empresa adxudicataria a obrigatoriedade de poñer na obra o plan a disposición das persoas interesadas mencionadas no artigo 7.4 do RD 1627/1997.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda